

TESE ORGANIZATIVA

ANÁLISE DA SITUACIÓN ORGANIZATIVA

No curso 2020-2021 a prioridade foi recuperar a presenza da organización ao longo do país constituíndo zonas e grupos de traballo. Conseguiuse coa activación da zona de Pontevedra e Vigo e de grupos de traballo en Lugo, a Coruña e o Morrazo con capacidade para desenvolver traballo propio local de xeito autónomo. Conseguiuse tamén intensificar o traballo e achegar novas persoas nas zonas con maior implantación como Ourense e Compostela, cunha importante presenza ensino medio.

Dificultade orgánica

Unha das principais problemáticas neste período foi o de manter unha regularidade, relevo e constancia nos organismos de dirección, dificultada pola imposibilidade de renovar a dirección da organización no seu máximo órgano, a Asemblea Nacional. Isto entorpeceu por momentos o correcto funcionamento organizativo e o desenvolvemento de traballo estudantil, problemática vivida a nivel nacional mais tamén a nivel zonal, alimentada polo propio contexto pandémico.

Ao mesmo tempo, carecíamos dunha tese organizativa e política actualizada, algo fundamental, máis na conxuntura pos-Covid. Isto fosiliza as análises da organización ao mesmo tempo que adía debates necesarios para a mellora da nosa actividade estudantil e para o avance ideolóxico da organización.

As diferenzas pola liña de traballo táctica no contexto pandémico, sumadas a un ambiente de traballo que xa se atopaba viciado previamente, rematou con que un sector abandonase de forma coordinada a organización mediante a adhesión a un comunicado feito público a través das redes sociais. Cómpre termos en conta que non se trataba dun grupo homoxéneo, no que, ademais de recollérense críticas e melloras da organización, tamén existían outros intereses de grupos organizados actuantes dentro de ERGUER. ESTUDANTES DA GALIZA.

Este merme orgánico cuantitativo e cualitativo condicionou a nosa capacidade de traballo posterior. Se ben nada ten a ver esta crise coa realidade actual do traballo

diario organización, sinalala e aprender dos erros e experiencias é unha das tarefas da actual Asemblea Nacional.

Atraso na Asemblea Nacional por causa da pandemia

Ao fío das problemáticas expostas anteriormente, impúxose a necesidade de adiar sen data a Asemblea Nacional, en primeiro lugar pola necesidade de concentrar o esforzo no traballo estudantil que no contexto pandémico se fixo máis dificultoso. Este traballo estivo sempre encamiñado a lle dar continuidade á organización e a responder ás numerosas problemáticas padecidas polo estudantado neste período. Tamén a mesma evolución da pandemia de Covid-19 impediu marcarmos unha data aproximada de recuperación da normalidade orgánica, xerando un problema prolongado no tempo. En segundo lugar, as propias restricións sanitarias imposibilitaron a propia convocatoria da Asemblea Nacional.

Por estes motivos, enténdese a IV Asemblea Nacional de ERGUER. ESTUDANTES DA GALIZA como un punto de inflexión fundamental na reactivación do estudantado nacionalista e independentista e para a maior incidencia política da súa actividade. Deste xeito, a renovación orgánica e táctica faise fundamental nesta Asemblea Nacional.

METODOLOXÍA DE TRABALLO

O obxectivo fundamental do traballo de ERGUER. ESTUDANTES DA GALIZA é dar solución ás problemáticas do estudantado e posicionar a organización como unha ferramenta útil para as estudantes, chamando así a participar nela para mudar as condicións do ensino galego.

Os organismos responsábeis da realización do traballo diario de ERGUER. ESTUDANTES DA GALIZA son as Asembleas de Centro, que marcarán as actividades a realizar e avaliarán as realizadas. O centro é o noso marco de traballo por múltiples cuestións: é nel onde se atopa o ambiente máis mobilizábel, o coñecemento da realidade e a capacidade de actuar como grupo humano, imbricando o día a día das estudantes cunha nova actividade, o activismo.

O conxunto das Asembleas de Centro situadas na mesma contorna agruparase nunha Asemblea de Zona, da cal fan parte todas as persoas que integran Erguer

nos distintos Centros. Estas asembleas servirán tanto para o soporte e acompañamento do traballo en Centros, como para levar a cabo aquel traballo que pola súa natureza transcende o Centro, funcionando baixo a mesma metodoloxía. Para lograr a maior eficiencia posíbel é fundamental que exista unha comunicación fluída entre as distintas asembleas de Centro, coa Zona, e esta co Consello Nacional, que se realizará a través das persoas Responsábeis de Centro coa Zona e de Zona, co Consello Nacional.

Este traballo tomará a forma de campañas, que poderán ser de ámbito nacional, zonal ou de centro. As campañas poderán ser en resposta a problemáticas concretas das estudantes ou programadas arredor de datas importantes e/ou acontecementos actuais. A maioría de campañas pódense desglosar en dous enfoques:

- Traballo ideolóxico: consiste na análise da problemática/reivindicación e na proposta de alternativas e melloras que se axusten ao ensino que nós defendemos.
- Traballo axitativo: para darlle visibilidade e percorrido á campaña realizando unha comunicación axeitada da mesma, a través de repartos de voandeiras, coladas de cartaces, publicacións en redes, actos e actividades etc.

Traballo de base de ERGUER. ESTUDANTES DA GALIZA nas aulas

A máxima de ERGUER. ESTUDANTES DA GALIZA no relativo ao traballo nas aulas é a de ter presenza nestas. Con isto referímonos a ser unha ferramenta útil para o estudantado, con presenza nas aulas para atender, solucionar e mediar nos problemas que poden xurdir nelas.

Para acadar este obxectivo no ensino medio debemos traballar promovendo a expansión do movemento estudantil tanto nas cidades coma no rural.

En canto á universidade debemos buscar tanto a implantación en todos os campus de asembleas de centro, como a nosa presenza nas institucións universitarias que nos acheguen aos nosos obxectivos.

ERGUER. ESTUDANTES DA GALIZA nos movementos e loitas sociais

Somos unha organización plural situada na esquerda nacionalista e independentista galega, encadrada no movemento pola liberación nacional e a procura da república galega. Así como loitar por un ensino popular, feminista e reivindicativo, debemos colaborar nos movementos ou plataformas que busquen estes obxectivos en calquera ámbito da sociedade, con especial apoio a aqueles que busquen crear conciencia nacional nas diversas nacións sen estado ou nacións oprimidas.

Aínda sendo o seu eido de actuación o estudantil, ERGUER non pode permanecer allea ás problemáticas sociais fóra do ensino; dentro do seu marco ideolóxico debe ter posicionamentos e actividade propia en eidos como o feminismo, a loita contra a LGBTfobia, o ecoloxismo, o antiimperialismo e a construción da conciencia nacional galega, entre outros, aínda que non estean estrita ou totalmente ligados ao ensino.

ERGUER. ESTUDANTES DA GALIZA na loita internacionalista

Como organización nacionalista, debemos garantir o noso compromiso coa loita estudantil das nacións sen estado do Estado español, así como coas organizacións estudantís soberanistas e de natureza transformadora do resto de nacións do mundo.

ERGUER. ESTUDANTES DA GALIZA manterá e tecerá novas relacións en pé de igualdade e beneficio mutuo con organizacións estudantís nacionalistas e independentistas dentro do Estado español co fin de mellorar a nosa estrutura organizativa, a nosa referencialidade internacional e garantir o noso compromiso coa loita internacionalista.

Construíndo unha organización segura e antipatriarcal: Asembleas de Acción Feminista

Dende ERGUER. ESTUDANTES DA GALIZA encaramos este novo período asembleario como o pulo necesario para volver constituír e reactivar a actividade tanto da ANAF (Asemblea Nacional de Acción Feminista) como das AZAF (Asembleas Zonais).

Estes espazos han de ser vistos como os responsables de marcar a liña ideolóxica da organización en temas do eido feminista e antipatriarcal, tanto a nivel interno como para campañas e actividade a nivel externo. Son as propias asembleas as

que deciden o tema e forma dos debates que consideren acaídos, tendo total capacidade para a organización interna das mesmas.

Se ben a liña ideolóxica en cuestións de feminismo é sempre marcada pola(s) ANAF/AZAF en caso de estaren constituídas, estas asembleas non poden servir nunca como órgano executor do traballo, pois a realización do mesmo debe sempre recaer sobre a totalidade das compañeiras de ERGUER.

A existencia de espazos non mixtos deben ser vistos coma o que son: espazos necesarios para a seguridade dunha organización. En ningún lugar supoñen a substitución do traballo feminista da totalidade de ERGUER. ESTUDANTES DA GALIZA.

A chave do futuro: o traballo comprometido

O noso traballo para poder ter un futuro digno na nosa terra e acadar os obxectivos da organización ten que basearse en valores coma o da unidade para que ERGUER. ESTUDANTES DA GALIZA siga sendo a organización nacional referencial para o estudantado. Tamén ideais como a combatividade tomando a loita nacional para expresar o desacordo coas imposicións que vive cada día o estudantado galego.

RETOS ORGANIZATIVOS PARA UN NOVO CONTEXTO NO ENSINO

Neste último período ERGUER. ESTUDANTES DA GALIZA tivo novas incorporacións de estudantes de diversos puntos do país, polo que un dos retos da organización é que estas achegas se traduzan unha maior capacidade de análise, resposta e traballo desde a nosa organización.

Polo tanto, é necesaria a constitución de Asembleas de Zona e de Centro, e que estas sexan funcionais (con capacidade para analizar e dar resposta a cuestións específicas) e capaces de sacar o traballo adiante dun xeito o máis autónomo posible. Para isto é esencial o traballo das responsábeis de zona que, ademais de ser o contacto entre a zona e ERGUER a nivel nacional, deberán coordinar o traballo e ser as referentes da organización na súa zona.

Ensino medio

No tocante ao ensino medio é fundamental termos presenza nos centros, ser coñecedoras das problemáticas existentes e que sexamos capaces de trasladar análises e propostas ás estudantes desta fase educativa. A incorporación destas novas estudantes a ERGUER. ESTUDANTES DA GALIZA é vital para garantir o funcionamento da organización no tempo.

Debemos ser capaces de desenvolver campañas específicas para os IES e CIFP, e que as estudantes destes centros nos vexan como unha organización útil na que traballar e dar solución aos seus problemas para que así se incorporen e teñan voz.

ERGUER. ESTUDANTES DA GALIZA debe esforzarse tamén por ampliar a súa base na Formación Profesional, ámbito no que existe unha menor implantación do movemento estudantil galego.

Ensinio universitario

No ámbito universitario é importante que ademais de conseguir a maior representación posíbel en Claustros e Xuntas de Facultade, sexamos quen de facer traballo organizativo e axitativo nos campus sen que o institucional acapare toda a nosa capacidade. Debemos estar presentes nas facultades e que o estudantado nos vexa como unha organización referente e como unha ferramenta útil.

Todo isto debe traducirse nunha mellora da capacidade de análise do ensino desde ERGUER. ESTUDANTES DA GALIZA, ademais dun incremento da súa capacidade de mobilización e resposta.

UNHA ORGANIZACIÓN RIGOROSA E COMPETENTE

ERGUER. ESTUDANTES DA GALIZA, sendo a organización estudantil referencial para o estudantado galego, debe ter sempre presentes as necesidades reais das estudantes.

Ter presenza nos centros de ensino, estar en constante contacto coas estudantes e ter unha participación informada son as bases para podermos definir as problemáticas centrais do estudantado, dende aquelas máis xenéricas como a necesidade dunha educación inclusiva ou outras que arrastramos dende anos como o papel “desgaleguizador da escola” no Ensino Medio, até aquelas problemáticas

máis concretas como son a vulneración dun dereito estudantil por un centro/profesor ou a loita por máis postos de estudo nas bibliotecas públicas.

As estudantes que se acheguen á nosa organización han de ver unha estrutura clara e funcional que sexa capaz de fixar liñas a seguir a través de debates dende a base e que se coordine de forma correcta dende as distintas responsabilidades de zona e nacionais para marcar e desenvolver a nosa actividade seguindo esa liña.

Para isto, a cohesión e a unidade de acción son fundamentais para sermos competentes. Isto conséguese cun correcto fluxo de comunicación interna entre todas as persoas que integramos ERGUER. ESTUDANTES DA GALIZA. A comprensión das decisións tomadas, a explicación dos debates, a socialización da actualidade orgánica, manter á base organizativa informada das novidades que haxa nas loitas estudantís, manter o contacto con aquelas compañeiras que teñen máis dificultades para asistir ás xuntanzas e dar espazo e voz para a reflexión sobre o traballo desenvolvido a todas as organizadas en ERGUER. ESTUDANTES DA GALIZA son, entre outras cousas, as chaves dun correcto funcionamento interno.

É aquí onde máis importancia cobra a responsabilidade individual de cada unha das compañeiras organizadas. Se ben é unha responsabilidade compartida e plural, en ningún momento isto é sinónimo de exención. O cumprimento coas competencias que lle corresponden a cada unha de nós atende ao noso xeito de entender a actividade organizada e o compañeirismo. Pero atende tamén á tecedura de lazos e aos coidados mutuos entre as integrantes de ERGUER: ser responsables co noso traballo segundo as nosas capacidades é ante todo un acto de respecto cara as demais compañeiras.

Para sermos unha organización competente e rigorosa é fundamental o papel da estudante organizada e comprometida. Esta figura atópase en toda a nosa actividade: na realización das análises correctas e máis acertadas, na chegada e presenza da organización alá onde haxa un problema concreto nun centro para poder resolvelo; así como no correcto funcionamento interno da organización, informando adecuadamente ás estudantes, organizándoas e para mobilizándoas. Para todo isto é necesario que as estudantes organizadas en ERGUER. ESTUDANTES DA GALIZA teñan presente que o seu esforzo individual, dende o traballo e os debates de base ate as responsabilidades que asuman, é

indispensábel para o avance colectivo da organización e do movemento estudantil no seu conxunto.

Comunicación efectiva que sume ao noso traballo

Se queremos que se nos recoñeza como un actor capaz de realizar cambios para as estudantes, temos que ser capaces de tratar a información e comunicala dunha forma rigorosa e eficaz. Non podemos caer nunha comunicación ideoloxista e con consignas baleiras que non lle aporte información ás estudantes e que as afaste de organizarse. Debemos ser capaces de conxugar rigorosidade na información con capacidade de incidencia. É dicir, temos que facer ver que a nosa liña política é a correcta a través dos feitos, avanzando nas loitas e conseguindo mellorar materialmente a educación das estudantes galegas. É pois, coa axitación primeiro, a organización despois e a mobilización estudantil resultante que conseguiremos estes avances.

No tocante ás redes sociais, todas as contas que existan de ERGUER. ESTUDANTES DA GALIZA deben de poder ter actividade frecuente. É responsabilidade das persoas encargadas de comunicación en cada zona manter informada á responsábel nacional de comunicación das actividades realizadas na mesma e xerar contidos para as redes sobre as mesmas, elaborando textos e/ou enviando material gráfico.

A liña gráfica da organización debe cingirse a uns estándares de coherencia, tanto de deseño como de tipografía.

Unha xestión adecuada das finanzas

Tendo en conta que ERGUER. ESTUDANTES DA GALIZA está nunha etapa de expansión organizativa na que debe maximizar o rendemento dos seus recursos é preciso centralizar as finanzas para ter unha maior fluidez e control dos gastos sen por iso restar demasiada autonomía económica ás zonas, que poderán realizar actividades para autofinanciarse.

Para aumentar os recursos económicos da organización as responsabilidades nacionais de finanzas e institucional deben coordinarse para solicitaren todas as

subvencións ás que ERGUER. ESTUDANTES DA GALIZA poida optar en tempo e forma.